

POESÍA DA POSGUERRA

Darío Xohán Cabana

Unha iniciativa de



co apoio de



A rebelión militar de 1936 significou -entre outras tantas e aínda peores cousas- a creba total do camiño de construción dunha literatura que comezara simbolicamente cos *Cantares gallegos* de Rosalía Castro, e que tanto se intensificara coa creación das Irmandades da Fala en 1916, que marcaron o comezo do novo fervor creativo e científico da revista *Nós*, do Seminario de Estudos Galegos, do Manifesto Máis Alá, da poesía de Luís Amado Carballo, de Manuel Antonio ou de Álvaro Cunqueiro, das novelas de Otero Pedrayo, da obra múltiple de Castelao... Todo isto apoiado nas iniciativas editoriais contemporáneas: *Céltiga* de Xaime Quintanilla en Ferrol, *Lar de Carré* e *Ánxel Casal* na Coruña, e finalmente a heroica empresa da Editorial e Imprenta *Nós* de Ánxel Casal, xa en Santiago.

A Guerra Civil, a salvaxe represión e a brutal ditadura de Franco desfixeron todo isto, e tronzaron o pulo dunha poesía galega que, estimulada sobre todo pola obra curta e xenial de Manuel Antonio, florecía en 1936 nun grupo de poetas novos de enorme pulo creativo: Manuel Luís Acuña, Eduardo Blanco Amor, Fermín Bouza-Brey, Ricardo Carvalho Calero, Augusto Casas, Álvaro Cunqueiro, Florencio Delgado Gurriarán, Aquilino Iglesia Alvariño, Luís Pimentel. Un ilustre estranxeiro, alma bela e solidaria, sumárase á tarefa: Federico García Lorca publicara reunidos os seus *Seis poemas gallegos* apenas un ano antes de que a barbarie falanxista o liquidara a tiros en Granada.

A Guerra Civil arrasou todo; desde a Guerra Civil a lingua galega tivo que refuxiarse nas corredoiras e nos barrios obreiros e mariñeiros, e se algunha vez era canción, érao na copla popular -e non en voz moi alta-. A poesía escrita, a que Rosalía, Pondal e Curros fixeran ilustre e colocaran onda as máis altas de Europa, desaparecera da superficie do país. Pode simbolizarse esta ruína no asasinato de Ánxel Casal, o militante do Partido Galeguista, o alcalde de Santiago pola Fronte Popular, o editor de Luís Amado Carballo, de Manuel Antonio, de Manuel Luís Acuña, de Álvaro Cunqueiro, de Carvalho Calero, de García Lorca... Casal asasinado, os seus libros queimados, as súas tipografías e as súas máquinas roubadas, a poesía galega brutalmente silenciada.

Pasan os anos. En América, lugar de exilio e de refuxio, publícanse algúns libros de nova poesía, e ben fermosos algúns deles. Bos Aires, 1942: *Jacobusland* de Emilio Pita, contendo poemas de forma souril e

cantareira, de fondo estremecedor: «Saga da vella Ielía», laio da patria derrotada, censo e pranto dos mártires amigos: Alexandre Bóveda, Antón Picallo, Ánxel Casal, Víctor Casas, Galán Calvete... Bos Aires, 1943, edición das Mocidades Galeguistas: *Versos en gama de gaita* de Manuel Prieto Marcos. Bos Aires, 1944, de novo Emilio Pita: *Cantigas de nenos*. Bos Aires, 1944: *Catro poemas pra catro gravados*, de Lorenzo Varela, aquel rapaz comunista de Monterroso que non tivera máis remedio ca comandar unha brigada ás ordes do canteiro Henrique Líster; agora, perdida a guerra, pon nos seus poemas -irmáns dos gravados de Luís Seoane *María Pita e tres retratos medioevales*- o amor da liberdade no mito de María Pita, o amor da revolución socialista no soneto a Roi Xordo, capitán irmandiño.

A Terra seguía no seu silencio imposto, quizabes esperando a vitoria aliada na Guerra Mundial que continuou a Guerra de España. A vitoria chegou, pero non a liberdade esperada; os vencedores occidentais da Grande Guerra Antifascista axiña se esqueceron de que os pobos de España perderan a primeira batalla desa guerra, e deixáronos abandonados a unha ditadura que case cumpriría catro décadas. Os escritores galeguistas -quérese dicir, os escritores en lingua galega- empezan a asomar os fuciños polas teipeiras.

O primeiro, Aquilino Iglesia Alvariño, era un poeta xa moi ben probado: en 1930 publicara o libro *Señardá*, e en 1933 *Corazón ao vento*, os dous en edición de autor. En 1947, en fermosa edición tamén pagada do seu peto -ou de petos de amigos-, imprímese en Vilagarcía *Cómaros verdes*, un gran libro maduro dun gran poeta ó que, naquela altura, aínda lle faltaban dous anos para os corenta. Non podía empezar mellor a nova xeira¹.

Houbo que agardou dous anos para a continuación, que chegou en 1949 en forma doutros dous libros importantes. Un deles foi *Camiños no tempo*, do patriarcal Ramón Cabanillas, da vella xeración de «Antre dous séculos» e das Irmandades da Fala. Era un libro recompilatorio de poesía narrativa. Publicouno a Editorial dos Bibliófilos Gallegos, fundada aquel mesmo ano por un grupo de galeguistas máis ben de dereita, que prestaría importantes servizos á causa da restauración literaria da nosa lingua.

O outro éranos os *Poemas de ti e de min* de Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez, que xa tiveran -sobre todo o primeiro- actividade literaria e política antes da Guerra, pero que non publicaran ningún libro en galego. Saíu este libro -en realidade dous con encadernación común, como

¹ Non ignoro que en 1938 se imprimiu en Vigo o libro de Ánxel Sevillano *O amor, o mar, o vento e outros gozos*, e en 1946, en Betanzos, *Brétemas mariñás* de Celestino Luís Crespo. Non os quero ocultar; sucede só que -por razóns ben obvias e moi diferentes entre si- son irrelevantes nesta historia.

boísimos irmáns que eran os autores- na colección Benito Soto de Pontevedra.

A historia da restauración da poesía galega é tamén moi principalmente, e sobre todo ó principio, a historia da súa base material, constituída esencialmente por unhas empresas editoriais alouçadas e heroicas: Benito Soto, Xistral, Brais Pinto... O papel das Edicións Monterrey, e mesmo o de Galaxia, é secundario ata que esta derradeira funda -xa en 1961- a colección Salnés.

A colección Benito Soto élle debida a Sabino Torres Ferrer², fillo de impresor e mestre impresor el mesmo, que a compoñía, imprimía e encadernaba pola súa propia man. Con el estaban Emilio Álvarez Negreira e Celso Emilio Ferreiro. Negreira e Torres empezaron publicando, no mesmo ano 49, dous libros seus en castelán. Eran poetas en castelán, pero Torres tiña moi claro que a súa acción editora era tamén para a lingua perseguida: para «os que escribían en galego, porque daquela os malditos, os que gardaban os seus versos porque existían moitas dificultades, e por que non dicilo, xustificados medos, eran os poetas que escribían en lingua galega».

Moitos anos máis tarde, Sabino Torres publicaría uns libros de fermosos versos en galego; pero naqueles anos era só poeta en castelán, o que fai aínda máis conmovedora a súa xenerosa acción. Benito Soto foi unha empresa fundamental no rexurdimento da poesía galega; en 1950 e 1951 aínda publicou nada menos ca sete libros de versos máis na nosa lingua nacional: *Dona de corpo delgado*, no que un Cunqueiro xenial e mancado volveu ó rego; *Anxo de terra*, de Carvalho Calero; *Triscos*, de Luís Pimentel; *Muiñeiro de brétemas*, de Manuel María; *Cantigas da noite moza*, de Augusto Casas; *Follas dun arbre senlleiro*, de Manuel Fabeiro; *Canciós dise amor que se diz olvido*, do andaluz Juan Pérez Creus; *Musa alemá*, traducións de Celso Emilio Ferreiro e Antonio Blanco Freixeiro. Este derradeiro foi a fin da impunidade: ¡traducir Horderlin, Heine e Rilke a un noxento dialecto de labregos! O fermoso volume, impreso en marzo de 1951, foi secuestrado e queimado pola censura franquista. En 1952 aínda sairía do prelo de Torres o *Fabulario novo* de Cuña Novás.

Varios destes son libros verdadeiramente importantes na historia da poesía galega; Pimentel era xa un poeta case vello, e moi acreditado, pero aínda non publicara nada en forma de libro; Manuel María, nacido en 1929, foi o primeiro escritor «novo» que publicou un libro en galego despois da Guerra Civil; o *Fabulario novo* é sinalado como o primeiro da

² Sabino Torres publicou no nº 3 de *Madrygal*, 2000, un longo e interesantísimo artigo, «A colección Benito Soto», contando esta fermosa aventura.

chamada «Escola da Tebra». A poesía galega estaba en marcha grazas a Sabino Torres, o xeneroso editor. En 1950 Edicións Monterrey publicara tamén outro libro de Xosé María Álvarez Blázquez, o belísimo *Roseira do teu mencer*. Nos anos seguintes, Monterrey quitaría outros libros de poesía nova: o falso *Cancioneiro de Monfero* tamén de Álvarez Blázquez (1953), *Isa folla que vai polo río*, de Augusto Casas (1954), a nova edición aumentada da *Cantiga nova que se chama riveira* de Cunqueiro (1957)

Outra das coleccións decisivas foi Xistral, que Manuel María e Ánxel Johán, a pór de forza de vontade, fixeron en Lugo entre 1952 e 1955. Nela publicaron, entre outros, *Da miña zanfona* de Ramón Cabanillas, e os primeiros libros en galego de Luz Pozo Garza e de Pura Vázquez.

América, que mantivera o facho nos anos de absoluto silencio na Terra, tamén colaboraba agora. Por poñer uns casos importantes: en 1952, *Fardel de exiliado*, de Luís Seoane. 1954 foi un ano grande: *Advento*, o gran libro de Manuel María, *Pranto matricial* de Paz Andrade, *Lonxe* de Lorenzo Varela. En 1956 viría o *Cancioneiro* de Blanco Amor. En 1955, no Portugal irmán, *Seitura* de Bouza-Brey.

Autoedicións tamén as viña habendo. Por exemplo: *Doas de vidro* de Faustino Rey Romero, Tui, 1951; Manuel María, *Morrendo a cada intre*, Lugo, 1952. Unha pequena imprenta e editorial de Lugo, a Celta, publica con notable éxito outro libro de Manuel María que chegaría a ser un mito: o *Terra Chá*, 1954.

Tamén en 1954 sairía na Terra outro gran libro, o primeiro en galego de Celso Emilio Ferreiro: *O soño sulagado*, na colección Alba, anexa da revista bilingüe de poesía do mesmo nome promovida por Ramón González-Alegre, que prestou grandes servizos a este novo e difícil Rexurdimento (outra revista moi importante foi *Aturuxo* de Ferrol; é difícil imaxinar hoxe de canto servían daquela as revistas de poesía). A colección Alba publicaría tamén *Cantigas do vento* de María do Carme Kruckenberg (1956), *O ronsel do meu silencio* de Casado Nieto (1956) e *Voce na néboa* de X. L. Méndez Ferrín (1957).

1955 é un ano máis grande aínda. Novoneyra estrea o labor editorial de Galaxia en prol da nova poesía -que cinco anos máis tarde se organizaría na colección Salnés- co seu xenial *Os eidos*. Avilés de Taramancos publica *As moradías do vento*; Eduardo Moreiras, en *Aturuxo* de Ferrol, o seu primeiro libro en galego, *A realidade esencial*; Pura Vázquez, en Bos Aires, *Maturidade*; Manuel Casado Nieto, en Xistral, *Orballo ispidido...* Pero isto, con ser moito, palidece ante a saída da antoloxía *Os contemporáneos*, organizada por Francisco Fernández del Riego, volume IV (segundo en saír da monumental *Escolma de poesía*

galega que se iniciara dous anos co volume I, *Escola medieval galego-portuguesa*, de Xosé María Álvarez Blázquez.)

Esta amplísima antoloxía -350 densas páxinas desde Noriega a Novoneyra- foi un fito histórico, en primeiro lugar porque estableceu un canon contemporáneo que abranguía os poetas máis novos con libro publicado, e mesmo algún inédito tan importante como Díaz Castro, presentando ante o público -e ante os propios poetas- un século XX cunha gran densidade e altura poética. Pero aínda máis importante foi polo que non incluía: a poesía en castelán de autores galegos. Moitos sentíronse doídos; houbo unha dura polémica privada e pública; Méndez Ferrín e Rodríguez Mourullo expresaron negro sobre branco o mesmo que implicitamente deixara sentado o Del Riego: que literatura galega era a que estaba escrita en galego. E punto: así quedou establecido para sempre. Incluso algúns contraditores rectificaron: por exemplo, Miguel González-Garcés, que se doera moito, nos anos seguintes contribuíu con varios excelentes libros á poesía galega.

Estábase constituíndo unha nova xeración -a Grande Xeración- nucleada por persoas que non eran adultas en 1936: Manuel María, Cuña Novás, Novoneyra, Avilés de Taramancos, e outros aínda inéditos en libro, a cuxos traballos se unían outros máis vellos por idade pero tronzados ou retardados pola Guerra Civil: Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Moreiras, Luz Pozo, a mesma María Mariño... En 1956 as Festas Minervais da Universidade de Santiago institúen premios de poesía en lingua galega, un feito importantísimo. Gáñanos nos anos sucesivos Méndez Ferrín -primeiro premio no primeiro ano-, Franco Grande, Ramón Lorenzo, García-Bodaño, Bernardino Graña, Arcadio López Casanova... Xohana Torres aparece en combate, recitando marabillosamente os seus poemas e os alleos; en 1957 sae o seu *Do sulco*; era o segundo libro individual de poesía nova que publicaba Galaxia.

Entón, en 1958, nace en Madrid -estudantes, traballadores, intelectuais- o grupo Brais Pinto, un colectivo de vangarda artística, literaria e política. Eles si fan unha colección de poesía, e esta nova e estraña vangarda cumpre unha fazaña portentosa; en vez de mataren o pai, resucítano e chámano á camaradaxe, e o pai, naturalmente, faise irmán dos seus fillos: o primeiro libro de Brais Pinto é *Bocarribeira (poemas pra ler e queimar)* de D. Ramón Otero Pedrayo. Despois veñen *Poema do home que quixo vivir* de Bernardino Graña, *A noite* de Xosé Fernández Ferreiro, *O que se foi perdendo* de Ramón Lorenzo, *Acoitelado na espera* de Alexandre Cribeiro; e unha decisiva influencia na poesía, na literatura e nas artes plásticas dos integrantes de Brais Pinto,

especialmente de Méndez Ferrín, tamén poderoso narrador, e do pintor -e poeta- Reimundo Patiño.

Neste intre pódese dicir que o artefacto está en marcha, que a Grande Xeración está completa -despois virán os seus epígonos. Xa non cabe aquí explicar a poderosa marcha da poesía galega nos longos anos que quedaban de ditadura; pero hai uns feitos de gran importancia, que enumeramos de corrido: en 1961 Galaxia institúe a colección de poesía Salnés, dirixida por Celso Emilio Ferreiro, Emilio Álvarez Blázquez e Fernández del Riego, que acollería libros de Antonio Tovar, Bernardino Graña, Arcadio López-Casanova, Salvador García-Bodaño e outros poetas hoxe clásicos. Xa en 1962 publícase nesa colección *Longa noite de pedra*, que coñecería outras edicións, varias delas bilingües galego-castelán, e marcaría un fito na poesía galega co seu enorme éxito e coa súa utilización como arma de combate na loita antifranquista. En 1968 nace a Nova Canción Galega -que tanto cantaría a Celso Emilio- co decidido apoio de varios poetas, e principalmente de Manuel María, que nese mesmo ano resucita Xistral (Xistral editaría con Edigsa os discos de Voces Ceibes) e crea a colección Val de Lemos, onde publicaría libros de poesía que non tiñan boa acollida noutras editoriais.

Son os anos da «poesía social», a miúdo bastante mellor nas intencións cívicas ca nos resultados poéticos, que en 1972 sería brutalmente sacudida pola *Antoloxía popular* de Heriberto Bens, heterónimo de Méndez Ferrín: poesía política nacional-popular de altísima beleza. Naturalmente entrou de contrabando, pois foi publicado polo Patronato da Cultura Galega de Montevideo, como sucedera tres anos antes co magnífico libro de Manuel María *Versos pra cantar en feiras e romaxes*. En 1975 morría o ditador, e a poesía galega, adulta e numerosa, en plena Idade de Ouro, entraría nunha nova etapa que xa en 1976 estoupou no luxo de tres grandes libros considerados fundadores: *Seraogna* de Alfonso Pexegueiro; *Con pólvora e magnolias* de Méndez Ferrín, e *Mesteres* de López-Casanova.